



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento

**NOTA DE PRENSA EN RELACIÓN O ATAQUE DO EXÉRCITO DE ISRAEL A
FLOTA HUMANITARIA EN GAZA**

**A Coordinadora Galega de ONGD condena o ataque de
Israel á flota humanitaria de Gaza**

Santiago de Compostela. A Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento (CGONGD) condena o asalto que o exército de Israel perpetrou onte de madrugada en augas internacionais contra a flota de seis barcos humanitarios que se dirixían a Gaza e que acabou coa vida de polo menos 10 activistas e deixou decenas de feridos/as moi graves. Á espera que se aclaren os feitos ocorridos, a CGONGD solidarízase coas familias das vítimas deste ataque indiscriminado e apoia aos tres cooperantes do estado español (Manuel Tapia, Laura Arau e David Segarra) que actualmente atópanse retidos nun centro ao sur de Tel Aviv por negarse a aceptar a súa deportación.

O ataque cometido polos soldados israelís contra o persoal civil que forma a flota (uns 750 activistas) tiña o obxectivo fundamental de frear a chegada de axuda humanitaria a Franxa de Gaza, unha zona illada e sen acceso a recursos básicos debido o bloqueo imposto polas autoridades de Israel os últimos anos. Neste sentido, a CGONGD pide o cese inmediato dos ataques de Israel sobre a poboación civil e as accións de axuda humanitaria. E solicita unha condena unánime por parte da comunidade internacional, o cese do bloqueo de Gaza e a investigación dos homicidios perpetrados polos soldados israelís sobre as persoas integrantes da flota humanitaria.

Para máis información:

Helena Capera Cullell

Responsable da área de comunicación externa e sensibilización

981 585 189

618 626 627

sensibilizacion@galiciasolidaria.org